

Referencia:	2021/12411A
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos generales de la DPO
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)	

PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

Aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022.

A Presidencia da Deputación, coa asistencia da Área de Intervención, elaborou o proxecto de orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2022, segundo o artigo 164.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. O seu contido responde ao previsto nos artigos 165, 166 e 167 da dita lei.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente, propónse que, tralo ditame previo da comisión informativa competente, por parte do Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2022, co detalle que figura nos resumos seguintes:

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	33.602.495,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	20.820.013,93 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	299.996,73 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	13.534.576,44 €
Capítulo 5.- Fondo de consistencia	300.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	10.628.562,64 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	5.512.153,92 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €

Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total gastos	85.700.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impostos directos	4.550.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.290.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.908.553,78 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	71.063.504,64 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	99.012,00 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	467.929,58 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Total ingresos	85.700.000,00 €

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co artigo 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, logo de anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.